

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **12 de decembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

4.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL NO ESTADIO DE BALAIÓS. FASE 1. EXPTE. 2540/440.

Visto o informe de fiscalización do 11.12.14, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 10 de decembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

1.- Propostas de adxudicación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de consolidación estrutural no estadio de Balaidos. Fase 1 (expediente 2540-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de consolidación estrutural no estadio de Balaidos. Fase 1 (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- propoñer a Xunta de Goberno a exclusión da oferta presentada por COPCISA, S.A., por conter valores anormais ou desproporcionados.

Segundo: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de de consolidación estrutural no estadio de Balaidos. Fase 1 (expediente 2540-440), no seguinte orde decrecente:

1	UTE Stradia Infraestructuras, S.L. - GPD Construcciones S.A.	91,08
2	Oreco, S.A. - Civisglobal UTE	89,65
3	Dragados, S.A.	84,69
4	UTE Prace servicios y obras, S.A. - Construcciones Castro Figueiro, S.L.U.	83,39
5	Xestión Ambiental de Contratas.	82,19
6	Constructora San José, S.A.	80,98
7	Construcciones Ramírez, S.L.	80,29
8	Unika, Proyectos y Obras SAU – OGMIOS Proyecto S.L. - Izmar, S.L.U.	78,26
9	UTE Bauen empresa constructora, SAU – Retieno Ingeniería, S.A.	76,31
10	UTE Extraco, s.a. - Trabajos Especiales Zut, S.A.	70,76
11	Acciona Infraestructuras, S.A.	65,16
12	UTE Aberman empresa constructora, S.L. - Sometal.	62,26
13	Obras y Viales de Galicia, S.L.	56,94
14	Arias Hermanos Construcciones, S.a.	31,02

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. - GPD CONSTRUCCIONES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC a que se comprometeu na súa oferta.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 737,64 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 26 de novembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 10 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 10 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. - PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES S.A., á vista dos informes do xefe de Área de Fomento e do enxeñeiro de edificación de 12-11-2014 e 21-11-2014, e do xefe de Área de Fomento de 17-11-2014, valorando os criterios non avaliábles mediante fórmula, a xustificación presentadas polo licitador cuxa oferta incluía valores anormais e os criterios avaliábles mediante fórmula e establecendo a puntuación final. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. - PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES S.A., o procedemento aberto para a contratación para a contratación das obras de consolidación estrutural no estadio de Balaidos. Fase 1 (expediente 2540-440) por un prezo de 1.136.016 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incrementa o prazo de garantía en 132 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a doce de decembro do ano dous mil catorce.

me

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.